



CONCELLO DE BRIÓN

CONCELLO DE BRION
DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS

tarxetas de estacionamento para minusválidos

REGULAMENTO

Artigo 1º:

O obxecto do presente regulamento é a adaptación de medidas que garantan o cumprimento do mandato da Lei 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e mais do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución desta Lei, no que respecta á emisión das tarxetas de estacionamento.

Artigo 2º:

A tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez acredita a situación do minusválido, é persoal e intransferible e a súa finalidade é a de favorecer-lo uso dos transportes privados facilitando o estacionamento en lugares presinalados como "reservado para minusválidos"

Artigo 3º:

As tarxetas de estacionamento emitidas por unha entidade local de conformidade co procedemento recollido no Decreto 35/2000, terán validez en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, naqueles concellos nos que existan prazas reservadas para minusválidos. Os beneficiarios deberán solicitarlo traslado do expediente si se produce o cambio de municipio de residencia.

Artigo 4º:

Terán dereito á expedición da tarxeta de estacionamento, os veciños do Concello de Brión que teñan recoñecida a imposibilidade de uso de transporte público polos Equipos de Valoración e Orientación.

Artigo 6º: Utilización:

A) Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa física poderá utilizala en calquera vehículo en que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa ou non o conductor.

B) Cando o titular da tarxeta sexa unha persoa xurídica, deberá incluí-las matrículas dos vehículos habilitados para o transporte de persoas con graves problemas de mobilidade.



CONCELLO DE BRIÓN

Artigo 7º: Procedemento:

A) O expediente iniciárase a instancia da persoa interesada ou do seu representante, aportando a seguinte documentación:

- * Solicitud segundo modelo que se adxunta como anexo I
- * Documento Nacional de Identidade
- * Certificado de empadramento
- * Certificado de minusvalía
- * 2 fotos carnet

B) O Concello remitirá unha copia da solicitude ó Equipo de Valoración e Orientación para que emita o informe perceptivo.

C) Á vista do informe do EVO emitírase valoración por parte dos Servizos Sociais de Atención Primaria, e posterior resolución de aprobación ou denegación por parte da Alcaldía.

D) A tarxeta de estacionamento para minusválidos terá unha validez de 10 anos para as minusvalideces permanentes, e ate a data de revisión da minusvalidez cando esta sexa provisional.

Artigo 8º:

O Concello reservará con carácter permanente, prazas de estacionamento debidamente sinalizadas para minusválidos, seguindo os criterios establecidos na normativa correspondente.



CONCELLO DE BRIÓN

ANEXO I

SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS

D/Dna. _____ con DNI nº _____
e domicilio en _____,
minusválido / representante do minusválido, D/Dna. _____,
_____, con DNI nº _____ e domicilio en _____

d e c l a r o :

- 1.- Que teño/ten o meu/seu domicilio e estou/está empadroado no Concello de Brión.
- 2.- Que estou/está calificado polo Equipo de Valoración de Minusvalías cun _____ %, na cidade de _____ con data _____
- 3.- Que acudiréi/á a unha nova revisión para valora-la imposibilidade de utilizar transportes públicos, si así o demanda o Equipo de Valoración de Minusvalías

s o l i c i t o :

Se leven a cabo as xestións precisas para a expedición a meu/seu favor, da tarxeta de estacionamento para minusválidos, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Brión, _____ de _____ de 200__

- Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Brión

Os datos que figuran nesta solicitude son conformes cos documentos aportados:

- Documento Nacional de Identidade
- Certificado de empadramento
- Certificación de Minusvalía
- 2 Fotos carnet

Brión, ____ de _____ de 200__
(o funcionario que realiza o cotexo)

Asdo. _____

Á vista do informe emitido polo Equipo de Valoración de Minusvalías en data _____ a cerca da imposibilidade de utilización de transportes públicos, e demais documentación aportada, valórase por parte dos Servizos Sociais de Atención Primaria deste Concello

a CONCESIÓN da tarxeta de estacionamento solicitada

a DENEGACIÓN da tarxeta de estacionamento solicitada

Brión, ____ de _____ de 200__
(o traballador social)

Asdo. _____

Examinada a presente solicitude e atopándose conforme, expídase a correspondente tarxeta de estacionamento co nº ____

Brión, ____ de _____ de 200__
(o Alcalde)

Asdo. José Luis García García

En data ____ de _____ de 200__, foime entregada a tarxeta de estacionamento solicitada, con validez ata ____ de _____ de 20__.

RECIBÍN

(o solicitante ou representante)

Asdo. _____



CONCELLO DE BRIÓN

D^a María Luisa López López,
Secretaria do concello de Brión,

Certifico:

Que o Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de outubro de 2000, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se transcribe:

TERCEIRO.- REGULAMENTO TARXETA ESTACIONAMENTO PARA MINUSVÁLIDOS.

Deuse conta do Regulamento confeccionado polo Departamento de Servicios Sociais do Concello que regula a concesión de tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalidez acreditada, que consta de oito artigos e que foi estudiado e dictaminado pola Comisión de Servicios en sesión celebrada o día 6 de outubro do ano 2000.

O Concello Pleno á vista do mesmo acorda por unanimidade a súa aprobación e exposición o público segundo a normativa vixente.

E para que conste, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde D. José Luís García García, expido e asino a presente certificación en Brión, o trece de outubro de 2000.

Vº e Pr.
O ALCALDE



"7.-Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación:

Grupo	Subgrupo	Categoría
A	2	C
C	6	
E	1	
G	4	
Z	6	

Debe dicir:

"7.-Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación:

Grupo	Subgrupo	Categoría
A	2	C
C	6	
E	1	
G	4	
I	6	

O que se fai público para xeral coñecemento.

Arteixo, 19 de outubro de 2000.

O alcalde, asinado

Por delegación, Decreto número 587/99.

A primeira tenente de alcalde,

María Isabel Vila Vilas.

11601-PD / 11584

BOQUEIXÓN

ANUNCIO

Acordo do Pleno do 11 de outubro de 2000

O Concello de Boqueixón, en sesión plenaria celebrada o día 11 de outubro de 2000, acordou:

1.-Desafectar do dominio público o edificio dedicado a "Escola de Codeso", sito na zona de Santa Eulalia de Codeso-Outeiro (Boqueixón).

2.-Someter a información pública polo prazo dun mes, para os efectos de presentación de reclamacións.

3.-Se no dito prazo non se presentasen reclamacións, considéralo expediente de desafectación definitivamente aprobado.

Boqueixón, 16 de outubro de 2000.

O alcalde, Adolfo Gacio Vázquez.

11604-PD / 11582

BRIÓN

ANUNCIO

Aprobación do Regulamento de concesión de tarxetas de estacionamento a minusválidos

Aprobado polo Concello pleno o Regulamento relativo á concesión de tarxetas de estacionamento a minusválidos, expónse ó público, no cumprimento do artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, por un prazo de 30 días soltos, contados a partir do seguinte ó da inserción deste edicto

no BOP, para a presentación de reclamacións e suxerencias, se fose o caso.

Brión, 16 de outubro de 2000.

O alcalde, José Luís García García.

11658-PD / 11634

CAMBRE

EDICTO

Solicitud licencia

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por doña Dina Varela Montes licencia municipal para la apertura de mesón-bodega, a emplazar en Fontenla, 3, Pravío; cumpliendo lo dispuesto por el apartado a), del número 2, del artículo 30 del Reglamento de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas, del 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo -que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia- pueda examinarse el expediente, en la Secretaría de este Ayuntamiento, por las personas que de algún modo se consideren afectadas por la actividad que se pretende instalar y formular por escrito las reclamaciones u observaciones que se estimen oportunas.

Cambre, 17 de octubre de 2000.

El alcalde, firmado.

11473 / 11545

CARIÑO

ANUNCIO

Aprobación definitiva de estudio de detalle

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o nove de outubro do ano que andamos, acordou aprobar definitivamente o estudio de detalle solicitado por don José Alberto Iglesias Fungueiriño, en representación de "Cemipimaqui, SL", para unha parcela da súa propiedade sita na avenida da Constitución, de Cariño, segundo o proxecto redactado por el.

Recursos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co preceptuado no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderase interpoñer:

a) Potestativamente, perante o mesmo órgano que o dictou, recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ó da publicación do presente acordo -que deberá ser resolto e notificado ó recorrente polo Concello no prazo dun mes a contar desde o día da súa presentación-. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso de reposición sen que teña recaído resolución en prazo, entenderase desestimado e quedará libre a vía contencioso-administrativa.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que corresponda.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou a Sala correspondente do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de